

JENNIFER DOUDNA

Jennifer Anne Doudna naceu en Washington en 1964. Licenciouse en Química na Universidade de Pomona en 1985 e, catro anos máis tarde, doutorouse na Universidade de Harvard cunha tese sobre as ribozimas, un tipo de ARN que axuda a catalizar as reaccións químicas das proteínas.

Desenvolveu o seu traballo de postdoutoramento na Universidade de Colorado. Marchou logo á Universidade de Yale, onde ocupou un posto de profesora. En 2002 múdase á Universidade de California, onde obtivo unha praza de profesora de Bioquímica e Bioloxía Molecular. Isto permitiulle acceder ás instalacións do Laboratorio Nacional Lawrence Berkeley, que contaba cun elemento fundamental para a súa investigación: o sincrotón, unha máquina que proporciona raios de radios X de alta intensidade. Grazas a el, Doudna puido avanzar e afondar na estrutura das proteínas e doutras moléculas.

No ano 2005, o científico español Francisco Martínez Mojica publicou o descubrimento que desatou a revolución CRISPR. Sete anos despois, Doudna e Charpentier descubriron como utilizalo para cortar e pegar ADN; unha tecnoloxía utilizada en moitos laboratorios do mundo para axudar a desenvolver novos tratamentos para unha ampla gama de enfermidades humanas e trastornos xenéticos.

No ano 2020, Jennifer Doudna foi galardoada co Premio Nobel de Química, compartido con Emmanuelle Charpentier polo desenvolvemento dun método de edición de xenes, unha ferramenta que permite reescribir o código da vida.

Noah Raña Barreiro

4º ESO B